



**PLAN DE
FORMACIÓN EN
ATENCIÓN TEMPERÁ-2017**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	2
PERSOAS DESTINATARIAS DO PLAN DE FORMACIÓN:	3
INFORMACIÓN ADICIONAL:	3
CURSO 1: TRABALLAR A PARENTALIDADE POSITIVA.	4
CURSO 2: A/O PROFESIONAL DA ATENCIÓN TEMPERÁ: O EQUIPO E O TRABALLO EN REDE	6
CURSO 3: PROGRAMA INFORMÁTICO DE REXISTRO DE INFORMACIÓN DA REDE DE ATENCIÓN TEMPERÁ DE GALICIA	7

INTRODUCCION

Continuamos un ano máis a traballar pola formación continua das e dos profesionais da rede de atención temperá de Galicia, que tamén estende as súas accións a outro persoal de distintas administracións públicas que teñen por obxecto do seu traballo diario os nenos e nenas de 0 a 6 anos de idade.

Como corresponde, este 3º plan de formación 2017, realízase no marco da normativa, da planificación e dos servizos que están a dispor dos nenos e nenas de entre 0 e 6 anos de idade, que teñen algún trastorno do desenvolvemento ou risco de padecelo, e das súas familias.

Este novo plan de formación encádrase normativamente no Decreto 183/2013 do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, que fixo posible a existencia non só dun espazo compartido de coordinación e corresponsabilidade entre o sistema de saúde, o sistema educativo e os servizos sociais, senón tamén que este espazo, que é o da formación, poda ser compartido polas profesionais dos 3 sistemas, algo que favorece, de forma significativa, as sinerxías disciplinares. Este Decreto, no seu artigo 15, encomenda ao Consello Autonómico da Atención Temperá entre outras funcións, a de promover a formación continua en procedementos de coordinación entre os servizos implicados na atención temperá e na especialización dos/as profesionais.

Asemade, o presente Plan de formación en atención temperá -2017, está incardinado no *“Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá”*, que determina a metodoloxía de traballo dos distintos equipos profesionais, así como na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, en materia de atención temperá e de formación dos seus equipos profesionais que na liña estratéxica 2 da Axenda da atención temperá en Galicia 2015-2017 recolle no obxectivo 2.1: *“Promover a realización dun plan anual de formación continua en relación coa atención temperá”*

Por outra parte, as accións formativas do Plan de formación 2017, queren responder, como os plans anuais anteriores, ás necesidades e demandas de formación dos recursos humanos da rede de atención temperá. As accións formativas que se reflicten no Plan deste ano 2017 foron formuladas nas avaliacións do Plan de formación en atención temperá do 2016.

Na absoluta seguridade de que o mellor capital da rede está nas persoas que traballan cada día nos servizos de atención temperá, elas son as destinatarias centrais destas accións formativas. Satisfacer as súas demandas de reciclaxe e de formación permanente é o obxectivo xeral do Plan de formación en atención temperá 2017, que vai dirixido a profesionais da administración pública, prioritariamente ás persoas que exercen o seu labor en diversos servizos prestados polas consellerías competentes na materia, nomeadamente os servizos de atención temperá hospitalarios e os servizos de atención temperá financiados pola consellería de Política Social no ámbito dos servizos sociais comunitarios, e ambos en coordinación coa atención prestada pola consellería de Educación nesta materia.

PERSOAS DESTINATARIAS DO PLAN DE FORMACIÓN:

Persoal empregado público, dependente das Consellerías de; Política Social, Sanidade, Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e persoal empregado nos Servizos Sociais Comunitarios, vinculado á Atención Temperá. De quedar prazas vacantes, poderán participar outros/as profesionais dependentes das administracións mencionadas que interveñan profesionalmente con menores de 0-6 anos de idade.

- Profesionais dos equipos de atención temperá dependentes de; servizos sociais municipais, da Consellería de Política Social e/ou do SERGAS.
- Profesionais do sistema educativo, empregadas/os da Consellería de educación, que interveñan directamente con menores de 0-6 anos, en materia de desenvolvemento persoal.
- Profesionais da rede de escolas infantís públicas de Galicia dependentes das distintas administracións públicas.
- Profesionais técnicos/as dos servizos sociais comunitarios municipais, preferentemente, profesionais con responsabilidades no programa de intervención familiar municipal.

INFORMACIÓN ADICIONAL:

- Ler detidamente os requisitos de admisión das accións formativas.
- Os datos das solicitudes presentadas serán enviadas, para comprobación do posto de traballo, a cada consellería de pertenza das/dos profesionais solicitantes: educación, sanidade e/ou servizos sociais, segundo proceda.
- Procurar, no momento da solicitude, ter coñecemento de poder dispoñer dos días de realización do curso solicitado, para evitar múltiples renuncias por esta causa no momento da concesión de praza.
- Prazo de presentación e lugar de matrícula, no seguinte enlace:
<https://egap.xunta.es/matricula/index.php>

CURSO 1.- TRABALLAR A PARENTALIDADE POSITIVA

Tal como se recolle en diversos documentos referidos ás boas prácticas en materia de parentalidade positiva; todos os pais e nais requiren apoios para desenvolver axeitadamente as súas responsabilidades parentais, pero non só requiren apoios cunha finalidade terapéutica senón tamén cunha finalidade preventiva e de promoción do desenvolvemento de todos os membros da familia, diríamos incluso que non só da familia nuclear senón tamén da familia extensa, que en moitos casos está dedicando moito tempo aos cuidados das nenas e nenos da familia.

Neste sentido o apoio é necesario non só para familias con necesidades especiais senón para todas as familias desde o momento que teñen pequenos na súa volta. Esta consideración de que todas as familias son obxecto de intervención en materia de parentalidade positiva, lévamos a adoptar un punto de vista mais amplo e sen dúbida un encadre da mirada máis positivo, é dicir; procurar unha intervención coas familias, con todas as familias, e non só coas consideradas vulnerables, pois desde unha perspectiva, global, integradora e universal da atención temperá, todas as familias deben recibir apoios no que a parentalidade positiva se refire.

Os apoios que se poden prestar desde os servizos públicos; sexan do Sistema público educativo, sexa do sanitario ou de servizos sociais serán apoios de proximidade, integradores e normalizadores que axuden a complementar o rol parental pero que non o substitúan.

OBXECTIVOS:

Achegar ás e aos profesionais da atención temperá as ferramentas necesarias para traballar a parentalidade positiva coas familias usuarias da rede galega de atención temperá.

Proporcionar un espazo de reflexión sobre a incidencia da crianza positiva no mellor desenvolvemento dos nenos e nenas cos que se intervén cada día, nos equipos da rede.

Xerar o intercambio de boas prácticas, en materia de parentalidade positiva, na intervención diaria coas familias.

Ofrecer formación sobre a intervención coas familias, desde unha perspectiva, global, integradora e universal da atención temperá.

CONTIDOS

- Parentalidade positiva: marco normativo e conceptual

- Competencias parentais necesarias para un desempeño positivo da parentalidade
- Deseño de actuacións de prevención e apoio familiar desde o enfoque da parentalidade positiva
- Exemplos de programas de promoción da parentalidade positiva baseados na evidencia
- Boas prácticas profesionais desde o enfoque da parentalidade positiva

DATAS DE REALIZACIÓN: 26, 27 e 28 de xuño de 2017.

HORARIO:

Os días 26 e 27 de xuño pola mañá de 10 a 14 e pola tarde de 16 a 20hs.

O día 28 de xuño pola mañá de 10 a 14hs

LUGAR DE REALIZACIÓN: EGAP- Escola galega de administración pública. Rúa Madrid, Nº 2-4. Fontiñas- Santiago de Compostela

DOCENTE: M^a Victoria Hidalgo García.

A profesora Hidalgo é doutora en Psicoloxía pola Universidade de Sevilla. Profesora Titular do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da Universidade de Sevilla. Membro desde os seus inicios do grupo de investigación: “*Procesos de desarrollo y educación en contextos familiares y escolares (HUM303)*”. Durante máis de dúas décadas, participou en múltiples proxectos de investigación nacionais e internacionais relacionados co estudo do contexto familiar e a súa influencia no desenvolvemento infantil. Destaca a súa participación na elaboración, execución e avaliación de diversos programas de promoción de parentalidade positiva, temática na que é unha recoñecida experta.

Nº DE PRAZAS: 25

SOLICITUDES:

- Prazo de presentación e lugar de matrícula, no seguinte enlace:
<https://egap.xunta.es/matricula/index.php>

CURSO 2.- A/O PROFESIONAL DA ATENCIÓN TEMPERÁ: O EQUIPO INTERPROFESIONAL E O TRABALLO EN REDE

OBXECTIVOS:

Reflexionar co alumnado sobre a necesidade de que calquera actividade asistencial que se leve a cabo, implica unha interrelación da persoa consigo mesma e co entorno, de tal modo que esta é a base que deseña o trato que ofrecemos ás familias, as compañeiras e compañeiros do equipo e ao traballo en Rede.

Reflexionar co alumnado sobre o deseño dos procedementos que se utilizan tanto nos equipos de atención temperá, como os que se utilizan no traballo na Rede.

METODOLOXÍA:

Unha 1ª parte de exposición teórica.

Unha 2ª parte de aplicación práctica

CONTIDOS:

O Traballo en equipo. Interdisciplinariedade e transdisciplinariedade. Definición e obxectivos.

O clima de traballo, a organización do centro, o liderado, a cooperación entre colegas na planificación e na organización de actividades.

Revisión do procedementos xa existentes nos equipos de atención temperá, ou iniciar a súa creación.

Revisión dos procedementos existentes do traballo en rede e avaliar o seu funcionamento.

DATAS DE REALIZACIÓN: 4, 5 e 6 de setembro de 2017.

HORARIO: os días 4 e 5 de setembro en horario de mañá e tarde, de 10 a 14:00 e de 16:00 a 20Hs. O día 6 de 10 A 14 Hs.

DOCENTE: Cristina Cristobal Mechó.

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade Autónoma de Barcelona. Máster en Traballo clínico e saúde mental. Universidade de Barcelona. Psicoterapeuta. Logopeda -Escola de patoloxía da linguaxe- Hospital de San Pablo de Barcelona. Cristina Cristobal, é presidenta da ACAP (Asociación catalana de atención precoz). Realiza supervisión de casos e equipos. A docente ademais da experiencia práctica e docente, ten experiencia de reflexión teórica, con publicacións dedicadas á atención temperá.

LUGAR DE REALIZACIÓN: EGAP- Escola galega de administración pública. Rúa Madrid, Nº 2-4. Fontiñas- Santiago de Compostela

Nº DE PRAZAS: 25

SOLICITUDES: Prazo de presentación e lugar de matrícula, no seguinte enlace:
<https://egap.xunta.es/matricula/index.php>

CURSO 3.- PROGRAMA INFORMÁTICO DE REXISTRO DE INFORMACIÓN DA REDE DE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

PROFESIONAIS DESTINATARIAS/OS:

Profesionais da rede galega de atención temperá, preferentemente profesionais dos servizos de atención temperá dependentes dos servizos sociais comunitarios que van utilizar o programa informático.

OBXECTIVOS:

Formar no uso desta ferramenta informática ás e aos profesionais que traballen na rede de atención temperá de Galicia.

Esta ferramenta ten por obxectivo o rexistro de información das persoas usuarias da rede de atención temperá e ao mesmo tempo facilitar a coordinación dos equipos profesionais que interveñen na atención a menores de 0-6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos, así como a súa prevención.

O programa dará soporte aos Servizos de atención temperá (SAT) e estará integrado co sistema de información de HSUE (Historia Social Única Electrónica da Xunta de Galicia) e permitirá aos SAT, a extracción dos indicadores e as estatísticas necesarias tanto para a planificación como para as xustificacións, memorias, investigacións, e avaliacións que precisen realizar.

CONTIDOS:

Nesta acción formativa verase o programa, de forma interactiva e levarase a cabo o rexistro de datos de cada un dos procesos recollidos no **“Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá”**:

1. PROCESO DE DETECCIÓN PRECOZ

- 1.1 FASE DE DETECCIÓN
- 1.2 FASE DE DERIVACIÓN

2. PROCESO DE VALORACIÓN E INTERVENCIÓN:

- 2.1 FASE DE ACOLLIDA
- 2.2 FASE DE VALORACIÓN
- 2.3 FASE DE INTERVENCIÓN
- 2.4 FASE DE AVALIACIÓN
- 2.5 FINALIZACIÓN DO SERVIZO

Para traballar polo miúdo con todos os aspectos contemplados polo programa informático:

PROGRAMA FORMACIÓN MÓDULO HSUE_AT

Rexistro de solicitudes
Ficha do menor
Xestión de expedientes
Buscador persoas/expedientes
Valoración
Clasificación diagnóstica ODAT
Elaboración e seguimento del PPI
Cuestionario de desenvolvemento de Haizea-Llevant
Xestión de listas de espera
Rexistro de intervencións
Seguimento das accións realizadas
Elaboración de Informes
Citas

- Xestión de citas
- Xestión de axendas
- Xestión de reunións
- Xestión de entrevistas

Imputación de horas de traballo
Administración

- Xestión de usuarios da aplicación
- Xestión de calendarios
- Xestión de CDIATs, equipamentos e profesionais

Explotación estatística

- Indicadores de supervisión
- Indicadores de xustificación

Alarmas e avisos
Documentación e formularios

DATAS DE REALIZACIÓN: 25, 26 e 27 de setembro

HORARIO: 25 e 26 de setembro, en horario de mañá e tarde, de 10 a 14:00 e de 16:00 a 20Hs, día 27 de setembro de 10 a 14

DOCENTES: Pendente

LUGAR DE REALIZACIÓN: Aula de informática do edificio administrativo de San Lázaro

Nº DE PRAZAS: 20

- Prazo de presentación e lugar de matrícula, no seguinte enlace:
<https://egap.xunta.es/matricula/index.php>

- **SOLICITUDES:** Prazo de presentación e lugar de matrícula, no seguinte enlace:
<https://egap.xunta.es/matricula/index.php>